




COMPANHIA
DE CLOWN E
TEATRO XESTUAL
ASENTADA NA
INESTABILIDADE
CÓMICA

PLAY.

Historia de Maestro e Pupilo

ARGUMENTO


Música en directo, bailes, hipnotismo, circo de pulgas, iso e moito máis é PLAY.

Protagonizado por dous personaxes completamente tolos.

Por un lado Franchesco Napolitana di Crema, *il Maestro* como a el lle gusta que lle chamen, un fala barato que sabe facer moi poucas cousas, e que por non ser nin sequera é italiano.

Por otro banda Pupilo, o seu axudante, gran admirador do *Maestro*, a quen se-gue cunha fe absolutamente miope.

E entre estes dous creadores de desastres aparece un terceiro personaxe, a conciencia de Pupilo, en forma de marioneta e que é o único que pon un pouco de sentido común neste despropósito.



PLAY.

Historia de Maestro e Pupilo

FICHA ARTÍSTICA E TÉCNICA

AUTORES: Fran Ameixeiras e Fran Campos

ELENCO: Fran Campos e Fran Ameixeiras

ESPAZO ESCÉNICO/IMAXE GRÁFICA: Fran Ameixeiras

DIRECCIÓN MUSICAL: Fran Campos

COREOGRAFÍAS: Lara Balirac

CONSTRUCCIÓN MARIONETA: Borja Ínsua

VESTIARIO: Bandullo Azul

FOTOGRAFÍA: ene-A Fotógrafos

DIRECCIÓN: Evaristo Calvo



PLAY.

Historia de Maestro e Pupilo

PUNTO DE PARTIDA E DESENVOLVEMENTO

Partimos dunha idea inicial que era falar sobre o poder e de como certos personaxes se manteñen nel. Xa sexa na arte, na universidade, na igrexa, na política... e desos outros personaxes aos que chamaremos «tontos útiles», (con todo o respecto do mundo, nós mesmos nos sentimos así en moitas facetas da nosa vida), que son os que coa admiración por estes iluminados, continúan crendo nels, continúan votándoos, etc.

Eleximos para representalos a un artista multifacético, Franchesco Napolitana di Crema, bailarín, cantante, poeta, domador de pulgas... que resulta ser un fraude pero que continúa nos escenarios coa axuda e admiración do seu colaborador Pupilo, o noso tonto útil, que nega continuamente os erros de Franchesco.

Un terceiro personaxe, en forma de marioneta, axúdanos a introducir no espectáculo esa parte crítica da sociedade que sen vendas nos ollos é capaz de ver o máis obvio.

